


Documento distribuído por
 culturagalega.org

Escolma de textos de Rosalía de Castro

Selección elaborada por María Pilar García Negro (2008)



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

Índice

Fragmento do “Prólogo” a *Cantares Gallegos* (1863) 3

De *Cantares Gallegos*

“Miña Santiña...” 4

“Campanas de Bastavales,...” 8

“Castellanos de Castilla,...” 11

Fragmento do “Prólogo” a *Follas Novas* 14

De *Follas Novas*

“Unha vez tiven un cravo...” 15

¡SILENCIO! 16

DE BALDE... 17

“Cando penso que te fuches,...” 18

A XUSTIZA POLA MAN 19

ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA 20

¡SOIA! 21

¡NIN ÁS ESCURAS...! 22

“Xigantescos olmos, mirtos...” 23

XAN 24

¡PRA A HABANA! 26

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoverme, todo isto me atrevín a cantar neste humilde libro pra desir unha vez siquera, i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que ésta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fora de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezible e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

[...] ¿Qué diremos a esto? Nada máis sinón que taes fatuidades respecto do noso país teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saléu vencida, derrotada, humillada; e o máis triste desto é que “val” antre eles tan infame mentira, así como “val” pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra todal-as demáis provincias de España -ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa-, que Galicia é o rincón máis desprezible da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e vén así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete.

Foi éste o móvil principal que me impeliu a publicar este libro que, máis que nadie, conoso que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e pra disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo...

(Do Prólogo a **Cantares Gallegos**, 1863)

De *Cantares Gallegos*:

*Miña Santiña,
miña Santasa,
miña cariña
de calabasa:
 bei de emprestarvos
 os meus pendentos,
 bei de emprestarvos
 o meu collar;
 bei de emprestarcho,
 cara bonita,
 si me deprendes
 a puntear.*

___ Costureiriña
comprimenteira,
sacha no campo,
malla na eira,
lava no río,
vai apañar
toxiños secos
antre o pinar.
Así a meniña
traballadora
os punteados
deprende ora.

___ Miña Santiña,
mal me quixere
quen me aconsella
que tal fixere.
Mans de señora,
mans fidalgueiras
teñen todías
as costureiras;
boca de reina,
corpo de dama,
cómprelle a seda,
foxen da lama.

___ ¡Ai, rapaciña!
ti te-lo teo:
¡seda as que dormen
antre o centeo!
¡Fuxir da lama
quen naceu nela!

Dios cho perdone,
probe Manuela.
Lama con honra
non mancha nada,
nin seda limpa
honra emporcada.

__Santa Santasa,
non sos comprida,
decindo cousas
que fan ferida.
Faláime sólo
das muiñeiras,
daquelas voltas
revirandeiras
daqueles puntos
que fan agora
de afora adentro,
de adentro afora.

__Costureiriña
do carballal,
colle unha agulla,
colle un dedal;
cose os buratos
dese teu cóo,
que andar rachada
non manda Dios.
Cose, meniña,
tantos furados
i ora non penses
nos punteados.

__Miña Santasa,
miña Santiña,
nin teño agulla,
nin teño liña,
nin dedal teño,
que aló na feira
rouboumo un *majo*
da faltriqueira,
decindo: “As perdas
dos descoidados
fan o lotiño
dos apañados”.

__¡Costureiriña
que a *majos* trata!
Alma de cobre,
collar de prata.
Mocidá rindo,

vellez chorando...
Anda, meniña,
coida do gando.
Coida das herbas
do teu herbal:
terás agulla,
terás dedal.

—Deixade as herbas,
que o que eu quería
era ir cal todas
á romería.
¡I alí con aire
dar cada volta!
Os ollos baixos,
a perna solta.
Pés lixeiriños,
corpo dereito.
¡Pero, Santiña...,
non lle dou xeito!
Non vos metades
pedricadora;
bailadoriña
facéme agora.
Vós dende arriba
andá correndo;
facede os puntos,
i eu adeprendo.
Andá, que peno
polos penares...
Mirái que o pido
chorando a mares.

—¡Ai da meniña!
¡Ai da que chora,
aí, porque quere
ser bailadora!
Que cando durma
no camposanto,
os enemigos
faránlle espanto,
bailando enriba
das herbas mudas,
ó son da negra
gaita de Xudas.
I aquel corpiño
que noutros días
tanto truara
nas romerías,
ó son dos ventos
máis desatados

rolará logo
cos condenados.
Costureiriña,
n'hei de ser, n'hei,
quen che deprenda
tan mala lei.

—¡Ai, qué Santasa!
¡Ai, qué Santona!
Ollos de meiga,
cara de mona,
pór n'hei de pórche
os meus pendentos,
pór n'hei de pórche
o meu collar,
xa que non queres,
xa que non sabes
adeprenderme
a puntear.

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

I

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
í hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.

II

Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros
lixeriña, lixeriña.

Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada pirmeira.

A pirmeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.

E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastavales camiño.

Camiño do meu contento;
í en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.

E sentada estou mirando
cómo a lúa vai saíndo,
cómo o sol se vai deitando.

Cál se deita, cál se esconde
mentras tanto corre a lúa
sin saberse para dónde.

Para dónde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.

Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.

Diante marcha crexendo veigas,
prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.

Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.

De verdura e de follaxe,
salpicada de fontañas
baixo a sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.

Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que cas sombras aparecen.

V

Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.

Eu me quedo contemprando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

.....

Ven a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da Ave María.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que pon min tén que rezar.
Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

-Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquél máis que neve branco,
aquél de dosuras cheio,
aquél por quen eu vivía
sin quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan,
saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferrol!

¡Ai!, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.

Morréu aquel que eu quería,
para min n'hai consuelo:
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

Premita Dios, castellanos,
castellanos que aborreso,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, ¡ai!, sin ventura,

con un caudal de despresos.

Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!

En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.

Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo,
tes, Castilla, que humedezan
esos teos labios sedentos.

Que o mar deixóute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!,
triste herencia foi por certo.

En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla
valera decir inferno.

¿Por qué aló foches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños frolidos
por tristes campos sin rego!

¡Trocar tan craras fontañas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!

Mais, ¡ai!, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
¡aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.

Morreches, meu quiridiño,
e para min n'hai consuelo,
que onde antes te vía,
agora xa sólo unha tomba vexo.

Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,
castellanos que aborreso,
heí, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:

*¡Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!*

Máis de dez anos pasaron -tempo cásiqúe fabuloso a xusgar pola presa con que hoxe se vive- desque a maior parte destes versos foron escritos, sin que as contrariedades da miña vida desasosegada, e unha saúde decote endebre, me permitise apousar neles os meus cansados ollos i o meu fatigado espírito. Ó leelos de novo, vin ben craro cómo era incompreto e probe este meu traballo poético, cánto lle faltaba pra ser algo que valla, e non un libro máis, sin outro mérito que a perene melancolía que o envolve, e que algúns terán, non sin razón, como fatigosa e monótona. Mais as cousas teñen de ser como as fan as circunstancias, e si eu non poden nunca fuxir ás miñas tristezas, os meus versos menos. Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan, quisáís con demasiada sinceridade, o estado do meu espírito unhas veces; outras, a miña natural disposición (que n'en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas.

[...]

Por outra parte, Galicia era nos Cantares o obxeto, a alma enteira, mentras que neste meu libro de hoxe, ás veces, tan sóio a ocasión, anque sempre o fondo do cuadro: que si non pode senón ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea, ser alleo a seu tempo e deixar de reproducir, hastra sin pensalo, a eterna e laiada queixa que hoxe eisalan todo-los labios. Por eso iñoro o que baxa no meu libro dos propios pesares, ou dos alleos, anque ben podó telos todos por meus, pois os acostumados á desgracia, chegan a contar por súas as que afrixen ós demáis. Tanto é así, que neste meu novo libro preferín, ás composicións que púderan decirse personales, aquelas outras que, con máis ou menos acerto, espresan as tribulacións dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredore. E ¡sófrese tanto nesta querida terra gallega! Libros enteiros poideran escribirse falando do eterno infortunio que afrixé ós nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas; mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus i os estraños, cheas de sentimento; tan esforzadas de corpo como brandas de corazón, e tamén tan desdichadas que se dixeran nadas solasmentes para rexer cantas fatigas poidan afrixir á parte máis froxa e inxel da humanidade. No campo, compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sin axuda pra mal manterse, pra manter ós seus fillos, e quisáís ó pai valetudinario, parecen condenadas a non atoparen nunca repouso senón na tomba.

[...]

Creerán algúis que porque, como digo, tentéi falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léngua. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa léngua, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os Cantares gallegos despertaron en algúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel estonces cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é máis, aceptárono contentos, e ieu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado.

(Do Prólogo a Follas Novas, 1880)

De *Follas Novas*

Unha vez tiveren un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Sóio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentóu,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal choróu Madanela na Pasión.
"Señor, que todo o podedes
-pedínlle unha vez a Dios-,
daime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición".
E doumo Dios, e arrinquéino;
mais... ¿quén pensara...? Despóis
xa non sentín máis tormentos
nin soupén qué era delor;
soupén só que non sei qué me faltaba
en donde o cravo faltóu,
e seica, seica tiveren soidades
daquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o espírito
¡quén o entenderá, Señor...!

¡SILENCIO!

A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo cómo loitan
en sin igual batalla
inmortales deseios que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede
ó máis fondo da ¡alma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿dónde quedou velada?

DE BALDE...

Cando me poñan o hábito,
si é que o levo;
cando me metan na caixa,
si é que a teño;
cando o responso me canten,
si hai con qué pagarlle ós cregos,
e cando dentro da cova....
¡Que inda me leve San Pedro
se só ó pensalo non ríu
con unha risa dos deños!
¡Que enterrar, han de enterrarme
anque non lles den diñeiro...!

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

A XUSTICIA POLA MAN

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta brancura que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.

Nin pedra deixaron en donde eu vivira;
sin lar, sin abrigo, moréi nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...!, que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!

Quedéi deshonorada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-*¡Salvádeme, oub, xueces!*- berréi... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendéume a xusticia.
-*Bon Dios, axudáime*- berréi, berréi inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pilléi a fouchiña,
rondéi paseniño... ¡Ne as herbas sentían!
I a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Miréinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixéinos sin vida.
I ó lado, contenta, sentéime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces..., estonces cumpréuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.

ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA

Na xa vella baranda
entapizada de hedras e de lirios
foise a sentar calada e tristemente
frente do tempo antigo.

Interminable precesión de mortos,
uns en corpo nomáis, outros no espírito,
veu pouco a pouco aparecer na altura
do dereito camiño,
que monótono e branco relumbraba,
tal como un lenzo nun herbal tendido.

Contempróu cál pasaban e pasaban
collendo hacia o infinito,
sin que ó fixaren nela
os ollos apagados e afundidos
deran sinal nin moestra
de habela nalgún tempo conocido.

I uns eran seus amantes noutros días,
deudos eran os máis i outros amigos,
compañeiros da infancia,
sirventes e veciños.

Mais pasando e pasando diante dela,
fono os mortos aqueles prosiguiendo
a indiferente marcha
camiño do infinito,
mentras cerraba a noite silenciosa
os seus loitos tristísimos
en torno da estranxeira na súa patria,
que, sin lar nin arrimo,
sentada na baranda contempraba
cál brilaban os lumes fuxitivos.

¡SOIA!

Eran craro-los días,
risoña-las manáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.

Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo ña esculcar.

Tomou un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.

Ó cabo dos tres días,
botóuna fora o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soia enterrada está.

¡NIN ÁS ESCURAS...!

I

-Todo está negro, as sombras envolven a vereda,
e nin o ceu ten ollos, nin o pinar ten lingua.

¡Vamos! Do que hai oculto, ¿quén midéu as fonduras?
¡Alma n'habrá que sepa...! ¡Ven...! A noite está escura.

-¿Escura...?; mais relumbra non sei qué luz traidora...
-E unha estrela que brila nas augas bulidoras.

-¿E non oies que runxe algo onde aquel herbal?
-E o vento que anda tolo correndo antre a follax..

-Escoita, sinto pasos, e asoma seica un bulto...
-¡Si é un vivo, matarémolo; non fala si é difunto!

Mais aquí onde este cómaro, hai unha cova fonda:
ven, e santos ou deños, que nos atopen ora.

II

¡Adónde iréi conmigo? ¿Dónde me esconderéi,
que xa ninguén me vexa i eu non vexa a ninguén?

A luz do día asómbrame, pásmame a das estrelas,
i as olladas dos homes na ialma me penetran.

I é que o que dentro levo de min, penso que ó rostro
me sai, cal sai do mare ó cabo un corpo morto.

¡Houbera, e que saíra...!; mais non: dentro te levo,
¡fantasma pavoroso dos meus remordementos!

Xigantescos olmos, mirtos
que brancas frores ostentan,
unhas con cogollos inda,
outras que o vento esfollea.
Buxos que xa contan sigros
que xuntos verdeguean
formando de rama e trancos
valos que naide atravesa,
nos que moi descansadas
fan o seu niño as culebras.
Loureiros, irmáns dos buxos
pola altura i a nacenza,
pois arraigaron a un tempo
no máis profundo da terra.
Limoeiros e laranxos
que o verde musgo sombrean
i olido esparcen de azare
con que a xente se recrea.
Eternos bosques en donde
sombrió misterio reina,
onde só os paxaros cruzan
polas tristes alamedas
onde ó marmular as fontes
un coidara que se queixan,
i onde o mesmo sol do estío
melancónico penetra.
I en medio desta espesura
desta hermosa tristeza,
nunha casa inda máis triste,
si de fachada soberba,
alí dín que ten o niño
a nai de toda-las meigas:
casa con portas de cedro,
en cada ventana reixa,
cociña coma de monxes,
silencio coma de igrexa,
criados que non dan fala,
cans que morden como feras.
Alí a viron negra e fraca
como unha gata famenta,
no máis san e máis frorido
da hermosa terra gallega.
I estes mals que nos afrixen
dín que todos veñen dela...
¡Mais socede nesta vida
que os que tén culpa n'a levan!

XAN

Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podá-las viñas,
Xan vai a apañá-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
vai á fonte por augua,
vai a misa cos nenos,
fai o leito i o caldo...
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a cada muller
Ile conviña un polo menos.
Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.

Pepa, a fortunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentras seu home traballa,
ela lava os pes no rego,
cátalle as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira si hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite,
e si pode bota un neto
ca comadre, que agachado
traillo en baixo do mantelo.
E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela xa o espera antre as mantas,
i ó velo entrar dille quedo:

-Por Dios, non barulles moito,
que me estáo mesmo morrendo.
-¿Pois qué tes, ña mulleriña?
-¿Qué hei de ter? Deita eses nenos,
que esta *madre* roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio...
-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio que aquí teño,
e durme, ña mulleriña,
mentras os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos
de Xan ó ver tales feitos;

mas non temás, que antre mil
n'hai máis que un anxo antre os demos;
n'hai máis que un atormentado
antre mil que dan tormentos.

¡PRA A HABANA!

I

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.

"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.

Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!"

II

Cando ninguén os mira,
vense rostros nubrados e sombrisos,
homes que erran cal sombras voltexantes
por veigas e campíos.

Un, enriba dun cómaro
séntase caviloso e pensativo;
outro, ó pe dun carballo queda inmóvil,
coa vista levantada hacia o infinito.

Algún, cabo da fonte reclinado,
parés que escoita atento o murmurío
da augua que cai, e eisala xordamente
tristísimos sospiros.

¡Van a deixá-la patria...!
Forzoso, mais supremo sacrificio.
A miseria está negra en torno deles,
¡ai!, ¡i adiante está o abismo...!

III

O mar castiga bravamente as penas,
e contra as bandas do vapor se rompen
as irritadas ondas
do Cántabro salobre.

Chilan as gaviotas
¡alá lonxe...!, ¡moi lonxe!,
na prácida ribeira solitaria
que convida ó descanso i ós amores.

De humanos seres a compauta línea

que brila ó sol adiántase e retórcese,
mais preto e lentamente as curvas sigue
do murallón antigo do Parrote.

O corazón apértase de angustia,
óiense risas, xuramentos se oíen,
í as brasfemias se axuntan cos sospiros...

¿Ónde van eses homes?

Dentro dun mes, no simiterio imenso
da Habana, ou nos seus bosques,
íde a ver qué foi deles...

¡No eterno olvido para sempre dormen!

¡Probes nais que os criaron,

í as que os agardan amorosas, probes!

IV

"¡Ánimo, compañeiros!

Toda a terra é dos homes.

Aquel que non veu nunca máis que a propia,
a ñorancia o consome.

¡Ánimo! ¡A quen se muda Dio-lo axuda!

¡I anque ora vamos de Galicia lonxe,

verés desque tornemos

o que medrano os robres!

Mañán é o día grande, ¡á mar, amigos!

¡Mañán, Dios nos acoche!"

¡No sembrante a alegría,

no corazón o esforzo,

í a campana armoniosa da esperanza,

lonxe, tocando a morto!

V

Éste vaise í aquél vaise,

e todos, todos se van.

Galicia, sin homes quedas

que te poidan traballar.

Tes, en cambio, orfos e orfas

e campos de soledad,

e nais que non teñen fillos

e fillos que non tén pais.

E tes corazóns que sufren

longas ausencias mortás,

viudas de vivos e mortos

que ninguén consolará.